



## DECÁLOGO

1. **A Atención Primaria é o eixe do sistema sanitario**, e así debe ser recoñecida para todos os efectos: incremento presupostario, dotación axeitada de recursos humanos, aumento da capacidade de realización de probas diagnósticas...
2. **A Atención Primaria debe liderar**, polo tanto, a xestión dos procesos do enfermo crónico dentro do sistema sanitario e social, incluíndo a coordinación co nivel hospitalario, centros xeriátricos e de discapacitados, asociacións de pacientes...
3. **Médicos de familia e pediatras deben, á súa vez, liderar** a toma de decisións relacionadas coa organización e xestión dos recursos sanitarios.
4. Dado o seu papel central no sistema sanitario, **os médicos de familia e pediatras deben ter acceso ao catálogo completo de probas complementarias** segundo indicación razoada e criterios de eficiencia clínica.

5. O exercicio da Medicina en Atención Primaria debe ter un **ámbito profesional e laboral atractivo**: estabilidade, incentivación baseada en criterios profesionais, recoñecemento da penosidade (quendas de tarde, soidade...)

6. **As axendas deben adecuarse a unha asistencia de calidade**, cun tempo mínimo de 10 minutos por paciente, sempre tendo en conta o contexto socio demográfico e eliminando toda actividade burocrática que non teña xustificación clínica, facilitando ao máximo a súa realización.

7. **A xestión da Incapacidade Temporal debe ter un deseño baseado en criterios clínicos**, evitando a multiplicación de informes que require a nova regulación, e **facéndoa extensiva a todos os niveis asistenciais**.

8. **A receita electrónica debe estenderse a todos os niveis asistenciais e a todo o Sistema Nacional de Saúde**, nun formato áxil e que garanta a interoperabilidade, así como o acceso ao historial médico integrado a nivel nacional.

9. **A formación en Atención Primaria debe empezar na Universidade**, coa creación dunha área de competencias en Medicina de Familia e a definición de competencias específicas de Pediatría de AP na formación de pregrao, adecuando os criterios de acceso á docencia universitaria á realidade da Atención Primaria.

10. **Facilitar o acceso dos profesionais de AP ás actividades formativas e promover a investigación** tendo en conta as características propias do devandito nivel asistencial.